



# ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

curso 2023-2024



Estimadas familias:

Dende a ANPA do CEIP Ramón Cabanillas poñemos en marcha un ano máis as actividades extraescolares co fin de intentar facilitar a conciliación das familias, e con ese obxectivo queremos adiantar a matrícula para que poidades ter todo organizado para cando comece o curso. Pretendemos que as actividades comencen o **11 DE SETEMBRO** e continúen de forma regular ata final de curso (excepto as que se realizan nos pavillóns que darán comezo en outubro). Como en anos anteriores as actividades extraescolares serán xestionadas por diferentes empresas: ALG (grupo Actex) e DEDUC.

A inscrición nas actividades será **EXCLUSIVAMENTE DE XEITO TELEMÁTICO** e por estrito orde de solicitude. O enlace para facelo é o seguinte: <https://actex.argosgalaica.com/inscripciones/R.CABANILLAS>. O prazo de inscrición será do **15 ao 30 de xullo**, non admitíndose matrículas anteriores a esa data.

No momento de facer a inscrición debedes marcar se vos queredes facer socios da ANPA ou pagar a matrícula das actividades (aqueles que xa sexades socios non fai falla que marquedes nada e farase a renovación de forma automática). O custo da cota de socios é de 15,00 €/familia e curso escolar. A matrícula nas actividades para socios/as será gratuíta. A matrícula para non socios/as por alumno/a e empresa será de 15,00 euros. Tanto a cota de socios/as como as matrículas cobraranse na conta bancaria que nos indiquedes.

Unha vez recibidas as inscricións e revisadas comunicárase, a principios do mes de setembro, por correo electrónico se o voso fillo/a foi admitido na mesma ou se queda en lista de agarda. Para que as actividades se poidan desenvolver necesítase un mínimo de 8 alumnos/as. No caso de que nalgunha actividade non se acade o mínimo informárase de tal circunstancia por mail.

**FORMA DE PAGO:** A DOMICILIACIÓN REALIZARASE DO 1 AO 10 DE CADA MES POR CADA EMPRESA, NA CONTA INDICADA POR CADA FAMILIA. PARA CURSAR A BAIXA NUNHA ACTIVIDADE É NECESARIO COMUNICALO Á EMPRESA POR TELÉFONO OU CORREO-E ANTES DO DÍA 20 DO MES ANTERIOR. (As devolucións de recibos supoñen un recargo de 4 €).

## INFORMACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES ALG (grupo Actex)      Contacto: 691 475 060 ou [santiago@actex.es](mailto:santiago@actex.es)**

**PREZO: ACTIVIDADES DE 1 HORA/SEMANA – 14,50 €      ACTIVIDADES 2 HORAS – 22,00 €**

BAILE MODERNO	BAILE GALEGO
BALLET	PANDEIRETA
INGLÉS	PINTURA
URBAN DANCE	TEATRO / EXPRESIÓN CORPORTA E INICIACIÓN TEATRO

*\*todas estas actividades son de 1 hora a semana excepto a de inglés (infantil e 1º - 3º primaria) que se realizará 2 horas semana nos días indicados.*

*\*A actividade de pintura ten unha cota anual en concepto de materiais de 25 €/curso.*

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DEDUC      Contacto: 620 159 311**

**PREZO: ACTIVIDADES DE 1 HORA/SEMANA – 15,00 €      ACTIVIDADES 2 HORAS – 22,00 €**

KARATE	FÚTBOL
PRE-DEPORTE	INICIACIÓN DEPORTIVA
ATLETISMO	BALONCESTO
PATINAXE	

*\*todas estas actividades, son de 2 horas á semana. Aqueles que queirades participar un só día debedes indicalo no apartado de observacións.*

**Todos/as os/as participantes nas actividades extraescolares terán un seguro de accidentes que vai incluído no prezo da mesma.**

*\*As ACTIVIDADES que se realizan en pavillóns de Pontepedriña e do Restollal (fútbol. Baloncesto e patinaxe) están pendentas da resolución de concesión por parte do Concello e comezarán no mes de outubro.*

**AULA DE TARDE:** A aula de tarde é o servizo que ten como obxectivo facilitar a conciliación familiar e que é organizada en colaboración coa Federación de Anpas Compostela. Por ese motivo consideramos fundamental que poidades dispoñer del dende o primeiro día de curso. Polo tanto a AULA DE TARDE dará comezo o **11 DE SETEMBRO**. Para inscribivros debedes enviar a ficha que se adxunta ao correo [santiago@actex.es](mailto:santiago@actex.es) entre o 15 e o 30 de xullo. Como se trata dun servizo de conciliación poderedes utilizalo na modalidade de días fixos ou días soltos. Para utilizala días soltos debedes avisar no teléfono 691475060 preferiblemente o día anterior.

**HORARIO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES  
COLEXIO**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
16:30 – 17:30	<b>KARATE</b> (desde 6º infantil)  <b>BAILE MODERNO</b> (4º E 5º infantil)	<b>PREDEPORTE</b> (infantil e 1º de primaria)  <b>INICIACIÓN DEPORTIVA</b> (2º - 6º primaria)  <b>PANDEIRETA</b> (1º - 6º primaria)	<b>KARATE</b> (desde 6º infantil)  <b>EXPRESIÓN CORPORAL E INICIACIÓN AO TEATRO</b> (infantil – 2º primaria)	<b>PREDEPORTE</b> (infantil e 1º de primaria)  <b>INICIACIÓN DEPORTIVA</b> (2º - 6º primaria)  <b>INGLÉS</b> (4º - 6º primaria)	<b>URBAN DANCE</b> (2º - 6º primaria)  <b>ATLETISMO</b> (4º - 6º primaria)  <b>BAILE MODERNO</b> (6º infantil e 1º primaria)
17:30 – 18:30	<b>BALLET</b> (infantil ata 2º primaria)  <b>INGLES</b> (1º - 3º primaria)  <b>ATLETISMO</b> (4º - 6º primaria)	<b>INGLÉS</b> (infantil)  <b>BAILE GALEGO</b> (1º - 6º primaria)	<b>INGLÉS</b> (1º - 3º primaria)  <b>TEATRO</b> (3º - 6º primaria)	<b>INGLÉS</b> (infantil)  <b>DEBUXO E PINTURA</b> (3º - 6º primaria)	

**HORARIO ACTIVIDADES PAVILLÓNS DE PONTEPEDRIÑA E RESTOLLAL**

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
16:00 – 17:00	<b>PATINAXE</b> P. Restollal  <b>FÚTBOL SALA</b> (1º - 6º primaria) P. Pontepedriña		<b>PATINAXE</b> P. Restollal  <b>FÚTBOL SALA</b> (Primaria) P. Pontepedriña		
17:00 – 18:00	<b>BALONCESTO</b> (1º - 6º primaria) P. Pontepedriña		<b>BALONCESTO</b> (1º - 6º primaria) P. Pontepedriña		